

**NOTA DE PRENSA 105/23
08 DE DECEMBRO DE 2023**

**O KARTING GALEGO PECHA A TEMPADA COA PRIMEIRA EDICIÓN DA
SUPERCOPA FGA EN AS PONTES**

Fin de tempada no karting galego coa celebración da primeira edición da Supercopa FGA, que levará a nada menos que 63 equipos ata o circuito de As Pontes durante esta fin de semana.

Logo dunha tempada exitosa con cifras de inscritos que chegaron a triplicar as de anos anteriores, o certame baixa o pano con dous xornadas de convivencia e competición na que haberá emoción a raudais.

Para a xornada do sábado están marcadas os adestramentos libres, rodadas e competición dos participantes na modalidade pre-rookie, mentres que o domingo dende as 9:00 horas será o momento de desfrutar da verdadeira Supercopa FGA, na que chama a atención o grande número de participantes na categoría KZ, con 20 equipos entre eles José Antonio “Cohete” Suárez, Javier Pardo ou os principais tenores do Campionato Galego de Karting, incluídos varios campións anteriores.

As finais de cada unha das competicións están marcadas para as 12:20 horas. O podio e a entrega de galardóns está marcada para as 15:00 horas da tarde.